

Coworking **C**ompostel@ Digital

Coworking **C**ompostel@
Digital

Xestión do cambio para a dixitalización

Como podo levar a cabo a transformación dixital da miña empresa?

 30 de marzo 2023

 17:00 a 19:00 h

 Aula de Informática da Casa da Cultura (Rúa Miraflores s/n Muros)

Inscríbete!



Gratuito

Presencial



Proxecto Coworking Dixital "CCompostela" cofinanciado nun 80% por FEDER dentro do Programa Operativo Plurirrexional 2014-2020 dentro do eixe 3: Mellorar a Competitividade das PEMES, Obxectivo Temático 3 Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas, e a prioridade de investimento 3ª Fomento do espírito empresarial, en particular, facilitando a explotación económica de novas ideas, e promovendo a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros e nun 20% pola Exclusión de Deputación Provincial da Coruña no marco do Plan de Emprego Local (PEL). Anualidade 2021.




Contido

1 - Obxectivos do proxecto

2 - Contexto

3 - Programa e contido da xornada

1 - Obxectivos do proxecto

Esta xornada enmárcase dentro do , o cal ten como obxectivo xeral crear un espazo de incubación/ aceleración para mellorar a competitividade e incrementar a produtividade das empresas, a través do fomento da transformación dixital das persoas emprendedoras, autónomas e pemes ofrecendo instalacións, equipamento tecnolóxico, e servizos avanzados para os incubados, que promovan a incorporación das TIC, a dixitalización, a innovación e a internacionalización no plan de negocio.

Entre os obxectivos específicos do **Coworking da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela** cabe salientar:

- Potenciar o uso de ferramentas dixitais para as persoas emprendedoras e micropemes fomentando un entorno colaborativo.
- Potenciar o uso e manexo do BIG DATA e crear plataformas dixitais competitivas.
- Facilitar que os sectores produtivos entendan o proceso de transformación dixital, o demanden e leven á práctica.
- Fomentar a implantación de tecnoloxías na nube.
- Fomento e xeneralización da mellora da competitividade das empresas a través do comercio on-line e o uso de canles dixitais.
- Incremento da adopción de solucións TIC de xestión empresarial (ERP, CRM, SCM...)

2 - Contexto

A tecnoloxía avanza a pasos acelerados. O mercado, os clientes e os traballadores estanse dixitalizando, polo que apostar por unha transformación dixital no negocio ofrecerá novas oportunidades comerciais e, por tanto facilitaralle ao tecido empresarial prepararse para os escenarios do futuro e para sobrevivir aos retos do mercado.

No novo contexto marcado pola incerteza, as organizacións necesitan optimizar a súa estratexia e **reinventarse para garantir a continuidade do negocio** e satisfacer as necesidades cambiantes do consumidor.


A transformación dixital implica reorientar unha compañía cara á aplicación e o uso das tecnoloxías emerxentes. Pero a tecnoloxía non fai nada por si soa. Trátase de darlle un sentido á transformación dixital en beneficio da organización e por tanto é un proceso de cambio cultural, cambio organizacional e finalmente, si: a aplicación das novas tecnoloxías en toda a organización. Cómpre repensar a organización, de arriba a abaixo, para adaptala integralmente ó funcionamento do mundo actual.

Aproveitar as oportunidades que brinda a **tecnoloxía e os novos sistemas de organización**, axudará a poder sobrevivir nun entorno impredecible e cada vez máis competitivo e veloz.

Os cambios que hai que acometer empezan polas persoas, é dicir, hai que poñer o enfoque nas persoas como centro do cambio e a transformación, poñelas na folla de ruta do proxecto.

Escoitar e formar aos membros da organización forman parte do **éxito** do proceso de transformación.

3 - Programa e contido da xornada

- **TÍTULO DA XORNADA:** *Como podo levar a cabo a transformación dixital da miña empresa? Xestión do cambio para a dixitalización.*
- **DATA E LUGAR**
DÍA: 30 de marzo de 2023
HORA: De 17:00 a 19:00 h
LUGAR DE CELEBRACIÓN:  Aula de informática da Casa da Cultura (Rúa Miraflores, s/n. Muros)
- **BREVE DESCRICIÓN:** Esta xornada ten como obxectivo aprender a **xestionar a implementación dos procesos de transformación dixital con éxito**, e coñecer os seus beneficios e impacto no negocio. Á hora de levar a cabo un proceso de transformación dixital faise necesario implementar unha estratexia para xestionar os aspectos relacionados coas persoas e a organización e así lograr os resultados desexados, é dicir, fomentar a adaptación das persoas dunha organización cara a novas formas de traballo, de tal maneira que o impacto sobre a produtividade sexa mínimo.

- **OBXECTIVOS:** Coñecer os aspectos claves para que a transformación dixital da empresa supoña un éxito dentro da organización, e o deseño de estratexias para a xestión do cambio na organización ante a implementación dun proceso de transformación dixital

- **A QUEN VAI DIRIXIDA?**

Persoas emprendedoras

Persoas autónomas

Pemes, Micropemes e Empresas do territorio

- **CONTIDO/AXENDA DA XORNADA:**

17:00 – 17:05	Presentación.
17:05 – 18:00	Como podo levar a cabo a transformación dixital da miña empresa? A xestión do cambio na organización para o éxito nos procesos de transformación dixital na empresa.
18:00 – 19:00	Sesión de consultas e resolución de dúbidas.

- **MODALIDADE:** Presencial
- **PONENTE:** Pablo López

FOTO E BREVE RESEÑA CURRICULAR:



Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade da Coruña. Executive Máster en Dirección e Administración de Empresas pola Universidade Pontificia de Comillas ICADE ICAI. Máster de asesoramento fiscal pola CEF. Certificado en coaching individual e de equipos coa International Coach Community. Facilitador Certificado **Metodoloxía LEGO® SERIOUS PLAY®**.

Durante máis de 10 anos creou e xestionou un grupo de empresas de consultoría con máis de 90 persoas.

Actualmente exerce como coach executivo en procesos individuais de directivos e mandos intermedios. Facilita procesos de cambio empresariais e mellora de equipos baseado na metodoloxía do coaching. É formador de habilidades directivas e intelixencia emocional.